

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 18 de outubro de 2021**

Con data dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e un, ás dez horas e un minuto, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace call.lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. César Manuel Fernández Gil

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doporto Real

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor accidental: D. José Mosquera Casero

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2021.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 4 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 4 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DA FEMP (CON LA PALMA. SEGUIRMOS ESTANDO. CERCA. SEMPRE). - De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á declaración aprobada pola Xunta de Goberno da FEMP, co seguinte contido:

“DECLARACIÓN XUNTA DE GOBERNO FEMP

“Con La Palma. Seguiremos estando. Cerca. Sempre”

A natureza volveunos poñer a proba. O pasado 19 de setembro entraba en erupción o volcán de Cumbre Vieja, na illa canaria de La Palma.

De inmediato, alcaldesas e alcaldes dos municipios afectados, o Cabido Insular, o Goberno de Canarias e o Goberno de España activaron todos os mecanismos de emerxencia para protexer a seguridade dos veciños e veciñas de La Palma, en primeiro lugar, e para, acto seguido, poñerse ao seu lado, máis cerca se cabe, para atender, axudar, acompañar, intentar minimizar dano e dor. Unha demostración, unha máis, do espírito e a esencia da acción local: actuar na proximidade con rapidez e eficacia. E facelo, ademais, en perfecta coordinación; nun exercicio, un máis de cogobernanza; a cogobernanza áxil, na proximidade, desde a proximidade.

Desde o primeiro minuto trasladamos toda a nosa solidariedade, todo o noso afecto e cariño, o noso ánimo, axuda e desvelo. A todos os veciños e veciñas, a todos os municipios, ao Cabido, a todos os cargos electos locais afectados.

Hoxe, mediante esta Declaración, volvemos facelo solemne e institucionalmente desde a Xunta de Goberno da FEMP.

E reiteramos, e anunciamos, que, ao igual que estivemos e estamos, seguiremos estando cando a terra se calme e a lava se arrefría, non imos deixar de estar.

Será ese o momento de refacerse, de volver empezar, de mostrar novamente toda a capacidade de acción, atención, impulso e compromiso dos gobernos locais.

Por todo isto, a Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias:

1.- Manifesta toda a predisposición e o apoio necesario a cantas actuacións de coordinación poidan favorecer a implementación do Plan Especial para a reconstrución de La Palma anunciado polo goberno.

2.- Traslada todo o seu apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso cariño a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava.

3.- Agradece o traballo incansable que están desenvolvendo os equipos de emerxencia, corpos e forzas de seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza.

4.- Ofrece toda a axuda e colaboración dos concellos dos municipios máis directamente afectados, Llanos de Aridane e El Paso, institucións que están demostrando, xunto co Cabido Insular de La Palma, a importancia das administracións máis próximas en momentos enormemente difíciles.

5.- Manifesta expresamente o seu apoio á provincia de Málaga polo incendio de Sierra Bermeja, entre cuxos municipios está o de Estepona e así mesmo a todos os afectados polo incendio no municipio de Navalacruz na provincia de Ávila.

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2021.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Estimar, integramente, a alegación presentada polo Club ADAS polos motivos recollidos na acta de resolución definitiva do día 4 de outubro de 2021, que son os seguintes:

En tempo e forma, presentou alegacións fronte á proposta provisional de resolución do concurso de referencia, o Club ADAS sobre a celebración da “IX Carreira e Andaina Popular de A Rúa”.

Unha vez expostos os antecedentes, a comisión procede ao **estudo e valoración da dita alegación**, co seguinte resultado:

O Club ADAS , solicita que, ao constatar, na proposta provisional sometida a trámite de audiencia, que non figura baremada a indicada solicitude procédase á súa valoración e á correspondente proposta de subvención.

Unha vez revisado o proceso obsérvase un erro administrativo e conséntase que non se incluíu no trámite de baremación a indicada solicitude. Por tal motivo ao constatare que a solicitude se presentou en tempo e forma, nos prazos e segundo os requirimentos establecidos na bases da convocatoria, débese proceder ao seu estudo e valoración, que se realiza co resultado seguinte, a teor dos datos que figuran no expediente:

IX CARREIRA E ANDAINA POPULAR DE A RUA

Puntos orzamento: 1 puntos (1 punto por cada 1.000 de orzamento) Máxima puntuación 25.

Puntos esforzo económico : 8 puntos (50,35 % de aportacións non públicas) Máxima puntuación 15.

Categoría competitiva do evento: 10 puntos (Autonómico) Máxima puntuación 40.

Antigüidade: 3 puntos (De 6 a 10 anos) Máxima puntuación 10.

Duración : 1 punto (1 xornada) Máxima puntuación 10.

Volume participación : 10 puntos (Trátase dunha proba de carácter “Popular” cunha participación de 310 deportistas. Máxima puntuación 20.

Muller, discapacitados e base: 6,66 puntos. (Proceden da suma de 3,33 puntos de participación de muller e 3,33 da participación de base) Máxima puntuación 10.

Total puntuación: 39,66 puntos x 19 euros valor/punto..... 753,54 euros.

(Solicitude de subvención 700,00 euros)

De acordo con todo o indicado anteriormente procede estimar integramente a reclamación formulada polo Club ADAS coa proposta de subvención indicada.

2º) Conceder, conforme coa valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	PROXECTO	CIF	SUBVENCIÓN
Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	Andadura Racing 2021	G32461220	1.290,00 €
Asociación Galega de Campos de Pitch and Putt	Torneo Internacional de Pitch and Putt	G32410722	3.850,00 €
Asociación Xadrez Ourenseán Universitario	VII Torneo Internacional Xadrez Campus Ourense	G32314213	1.450,00 €
Asociación Xuvenil Amencer	Xornada xogos populares deportivos	G32025405	350,00 €
Club A.D.A.S	XIII Carreira dos Santiños	G32027195	800,00 €

Club Burgas Voleibol	Fase de ascenso a primeira división nacional sénior masc.	G32432130	726,18 €
Club Ciclista Carballiño	IV Mini BTT Concello do Carballiño	G32321051	1.353,00 €
Club Deportivo Ecuestre de Ourense	VI Spanish Amateur Cup-Antela Arabian show	G-32324865	2.633,00 €
Club Deportivo Fundación Cipri Gomes	Campaeonato gallego de kickboxing Tatami sport Ring Sport	G32473316	1.459,80 €
Club Deportivo Velle	IX Edición Memorial Manolo Carrera Fútbol 8	G32147761	2.000,00 €
Club Marusia Ourense	I Copa Auria	G32402836	2.500,00 €
Club Marusia Ourense	III Torneo interescolas 2021	G32402836	970,00 €
Club Patinaxe AEHDE O Carballiño	Trofeo Vila do Carballiño de Patinaxe Artística	G32440828	1.066,50 €
Club Peña Trevinca Barco	XV Andaina y Trail de Outono -O Barco de Valdeorras	G32022626	709,33 €
Club Polideportivo Athlos Ourense	1º Encontro Internacional de Badminton de Base	G32028292	1.463,10 €
Club Santo Domingo	LXXXII Camp. Galego Absoluto XII Memorial A.Santorio	G32004244	2.000,00 €
Club Xadrez As Burgas	Aberto Internacional de Ourense Nadal 2021	G16739245	3.027,50 €
Club Xadrez As Burgas	Aberto de Outono de Ourense Xadrez Relámpago 2021	G16739245	1.670,00 €
Club Xadrez As Burgas	Aberto de Outono de Ourense Xadrez Rápido 2021	G16739245	935,00 €
Club Ximnasia Escola pavillon	XV Torneo nadal ximnasia 2021	G32346751	1.800,00 €
Club Ximnasia Pavillon	XIII Torneo Primavera Cidade de Ourense	G32312589	1.626,50 €
Escolas Deportiva Nogueira de Ramuín	III Trofeo de Kickboxing Ribeira Sacra	G32478034	1.369,80 €
Escuderia Luintra	IX Rallye Ourense-Ribeira Sacra 2021	G32414146	4.961,67 €
Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	XVII Edición del Torneo Interna. de Kickboxing Ourense	G32352478	570,00 €
Federación Galega de Hockey	Camp España Selecciones Autnómicas Masculinofeminino	G32172058	1.489,80 €
Federación Galega de Hockey	Campionato de España Absoluto Masculino Hockey Sala	G32172058	1.000,00 €
Federación Galega de Hockey	Torneo Inaugur Campo Mariñam. Hockey	G32172058	1.380,00 €
Federación galega de Ténis	I Torneo internacional de ténis (WTA) cidade de ourense	G15102767	8.982,68 €
Fundacion Ado Moure	36 día da Bici	G32438160	4.007,90 €
Fundacion Ado Moure	Prueba Mini-BTT	G32438160	639,54 €
Kickboxing Club Xinzo	5º Trofeo de Kickboxing Cidade de Antioquia	G32468829	1.116,50 €
Club A.D.A.S	IX Carreira e Andaina Popular de A Rúa	G32027195	700,00 €
		TOTAL.....	59.897,80 €

3º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, debido á dilación na tramitación do presente concurso, ata o día 30 de novembro de 2021.

4.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO emprendOU.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1. Concederlles unha subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que eleven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	SILVIA PEREZ MIRANDA	****196**	A VEIGA	GUARDERÍA E ENSINANZA INFANTIL EXCLUSIV.	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
2	SARA ALEXANDRA LOPEZ FERNANDEZ	****181**	BOBORÁS	AXENCIA DE PUBLICIDADE	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
3	TANIA PRIETO PARADA	****551**	XINZO DE LIMIA	SERVIZOS FINANCEIROS E CONTABLES	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
4	ELENA LEAL LOZANO	****656**	XUNQUEIRA DE AMBIA	EDUCACION DEPORTIVA E RECREATIVA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
5	ANDREA GARCIA RODRIGUEZ	****674**	XUNQUEIRA DE AMBIA	MICROPIGMENTACION	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

2. Denegarlles a subvención ás persoas identificadas e polo motivo indicado a continuación:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA
1	SORAYA DOCAMPO GARCÍA	****999**	<i>Incumprimento dos requisitos da base segunda ("Ser maior de 16 anos e menor de 30")</i>

5.- MODIFICACIÓN DO IMPORTE NUNHA OBRA DO PLAN DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021, RELATIVA Á OBRA CO NÚMERO 115/POS/2021, DO CONCELLO DO BOLO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Acordar o incremento do investimento inicial da obra "tratamento superficial con microaglomerado na "OU-0860 Ramal Valbuxán (OU-0811)-Vilaseco, p.q. 0+000 a 1+633" e na "OU-0805 Cambela (OU-533)-O Bolo, p.q. 0+918 a 1+368" co número 115/POS/2021, pasando de 48.990 € a **49.843,02 €**, incrementado o mesmo nunha cantidade de 853,02 € con cargo aos remanentes existentes.

6.- INCORPORACIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2021 DA OBRA "MELLORA NA OU-0803 A VEIGA(OU-0804)-PONTE, P.Q.2+060 A 2+285" NO CONCELLO DA VEIGA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Incorporar ao plan principal a obra denominada "***Mellora na OU-0803 A Veiga(OU-0804)-Ponte, p.q.2+060 a 2+285***", co nº 127/POS/2021, no Concello da Veiga, cun orzamento de **46.072,61 €**.

7.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE, CORRESPONDENTES AO ANO 2021.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Fundación Carlos Casares, nos seguintes termos:

-Importe: 26.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2021.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao importe da subvención concedida (26.000,00 euros), . No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración

definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA ARNOIA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “URBANIZACIÓN CALLE O PAZO”.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa ao Concello da Arnoia, para a execución da obra *Urbanización calle O Pazo*, polo importe de 45.500,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

9.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CORTEGADA PARA CONSTRUCCIÓN DUN MURO DE PROTECCIÓN DO EDIFICIO DO BALNEARIO HISTÓRICO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

-Importe: 48.000,00 euros.

-Obxecto: Construción dun muro de protección do edificio do balneario histórico de Cortegada.

Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo contrato que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao contrato inicial.

- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (48.398,62 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA EN ESPECIE PARA OBRA "POSTA A PUNTO DO BALNEARIO NOVO" 45/16/2021 ENTIDADE LOCAL MENOR DE BERÁN.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa á Entidade Local Menor de Berán, para a execución da obra “posta a punto do balneario novo”, por importe de 220.000,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

11.- SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA MELLORA DO ACCESO A PRADO-REPARACIÓN DA ESTRADA A LOBIOS, FASE II.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Muíños, nos seguintes termos:

-Importe: 148.700,00 euros.

-Obxecto: Mellora do acceso a Prado-Reparación da estrada a Lobios, fase II.

Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (148.700,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se empregaron para a adxudicación do contrato, criterios distintos ao do prezo e do prazo de garantía.
- 8.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o

reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2021.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

12.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA EN ESPECIE AO CONCELLO PARA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS” 19/16/2021 CONCELLO DA TEIXEIRA

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa ao Concello da Teixeira, para a execución da obra “acondicionamento de camiños”, por importe de 48.000,00 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderalles aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración

municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Unha vez concluída a execución da actuación subvencionada, comunicáraselle ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

13.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Tras a previa ratificación da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

13.a): APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DO PREMIO OLIMPIA VALENCIA 2021. Unha vez concluída a tramitación do expediente e trala declaración previa do asunto por non figurar incluído na orde do día a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases e convocatoria do Premio Olimpia Valencia 2021, nos seguintes termos:

I.- OBXECTO.-

O obxecto do Premio Olimpia Valencia é outorgarlles anualmente un recoñecemento honorífico a aquelas persoas e/ou entidades que destaquen na defensa da igualdade e dos seus dereitos, e a aquelas persoas e/ou entidades do ámbito da sanidade ou dos servizos sociais que están en primeira liña para defendernos desta pandemia do COVID-19.

II.- XURADO.-

Desígnase un xurado para a concesión do premio, integrado polas seguintes persoas:

Presidenta: D^a Luz Doporto Real, deputada delegada de Reto Demográfico e Benestar Social.

Secretaria: D^a Asunción Pérez Sampayo, presidenta do Colexio de Ourense e empregada pública da Deputación Provincial.

Vogais:

D^a Marisol Nóvoa Rodríguez, presidenta da CEO.

D^a Beatriz Gómez Valcárcel, presidenta da Federación de Comercio.

D^a María Esther de Blas Varela, vicereitora do Campus de Ourense.

D^a Eva Torres Rodríguez, directora do Museo Municipal de Ourense.

D. Felipe Ferreiro Feijoo, presidente da Cruz Vermella de Ourense.

O xurado reunirase a proposta da súa presidenta. Calquera membro do xurado poderá propoñer candidatos ao Premio Olimpia Valencia, resolvéndose o dito premio polo xurado por maioría.

De cada reunión do xurado redactarase a acta correspondente, da que dará fe a secretaria do xurado.

III.- PREMIO.-

O premio outorgado consistirá na entrega dun diploma acreditativo e da figura conmemorativa “O Tesouro” nun acto público, que se comunicará oportunamente.

2º.- Publicar este acordo no BOP de Ourense, para xeral coñecemento.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

15.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e nove minutos do referenciado día dezaioito de outubro do ano dous mil vinte e un, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.